

PROGRAMACIÓN ANUAL DE AULA

AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA CURSO 2021-2022

Alba Díaz Santano (AL)- Silvia Noguero Coira (AL)

Raquel Cabanas Porto(PT)

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE INTERVENCIÓN DE AL E PT NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO CENTRO, NA PXA, E NO D.O.

A linguaxe é unha ferramenta esencial no desenvolvemento global do alumnado, sendo no contexto escolar onde se manifestan gran parte dos trastornos que poden afectalo polo que resulta de suma importancia dispoñer dunha resposta especializada que lle faga fronte dun xeito organizado e metódico.

O presente plan de apoio e a ferramenta mediante a cal se organizan e planifican as liñas de actuación como especialistas de Audición e Linguaxe (AL) e de Pedagogía Terapéutica (PT) a nivel de centro, familia e alumnado, e mediante a cal se leva á práctica a verdadeira inclusión e atención a diversidade que pretendemos acadar no noso desempeño profesional.

Este documento fai realidade a definida atención a diversidade, concibida no art. 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, como o conxunto de medidas e accións coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En razón a nosa visión da atención a diversidade, este documento responde ó requirimento de resultar funcional e práctico, adaptándose tanto ás características do alumnado que está escolarizado no centro como ó contexto

no que este se sitúa. Ten por tanto como referencia principal ao seu alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, conforme o art. 71 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na nova redacción fixada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, abrangue aquel alumnado que require dunha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Este plan de apoio/programación deriva da PXA, onde figuran tódolos aspectos da programación relativos ós programas que se están levando no centro así como as programacións de cada un dos cursos; é preciso que o traballo de audición e linguaxe e pedagogía terapéutica se relacione con eles no relativo ó tratamento das necesidades do alumnado.

No plan do departamento de orientación, incluído na PXA figuran aspectos tales como que a orientadora realizará a avaliación psicopedagóxica no centro, coa colaboración dos especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, ademais das informacións e colaboracións do resto do profesorado. Ademais, os alumnos/as serán valorados previamente pola orientadora, para a continuación propoñer e aplicar unha intervención do mestre/a especialista en audición e linguaxe, todo isto sen deixar de considerar todo o relativo ás actuacións do Departamento de orientación recollidas no Decreto 229/2011 do 7 de decembro.

Con data do 13 de setembro de 2021 foi entregada a programación anual da aula de AL e de PT á dirección do centro e a xefa do departamento de orientación.

Por medio da presente programación realizamos unha revisión do programa elaborado con anterioridade.

- **XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN COMO MESTRA DE A.L. E P.T.**

Na programación de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica para o curso 2021/2022 no CRA de Narón haberá que ter en conta as peculiaridades do centro, xa que o posto de AL é itinerante en comisión de servicios para alumnado de atención preferente, acudindo así ás tres escolas do CRA (O Val, Domirón e Sedes. Neste curso decidiuse que a mestra especialista permaneza na escola do Val por mor das necesidades escolarizadas na mesma, sen esquecer a importancia da flexibilidade para poder modificar este aspecto cando se identifiquen necesidades educativas que así o xustifiquen.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo contará con intervencións de carácter directa e/ ou indirecta, grupal e /ou individual así como na aula específica de AL/PT ou na aula de referencia, en funcións das súas necesidades.

Tanto o horario, como o alumnado, e as medidas que se propoñan a principio de curso para a atención do alumnado con NEAE, poden e deben sufrir cambios ao longo do curso escolar adaptándonos así as posibles necesidades que poidan xurdir ou remitir ó longo do curso.

Será a orientadora, xunto coa Xefa de Estudos quen determine o noso horario e os alumnos con n.e.a.e. cos que debemos intervir, ao igual que o tempo de asistencia e duración das sesións, contando sempre coa opinión do

profesorado- titor/a e das mestras de apoio. Estas decisións serán tomadas baseándose nun criterio de prioridade, é dicir, deberá decidir quen, de entre todo o alumnado do centro con n.e.a.e., requiren en maior medida da nosa actuación.

Unha vez tomada esta decisión e recollidos os permisos oportunos ás familias, iniciaranse as intervencións co alumnado.

• **FUNCIÓNS COMO MESTRAS DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

Para xustificar as nosas funcións como mestras de A.L./P.T. referirémonos ó profesorado de apoio ás NEAE, que está formado polos especialistas en Pedagogía Terapéutica (P.T.) e en Audición e Linguaxe (A.L.). As nosas funcións como mestres de apoio están reguladas tanto polo Decreto 374/1996 do 17 de outubro, como pola Orde do 24 de xullo de 1998.

No **decreto 374/1996** establécense as seguintes funcións:

- Coordinar, en colaboración ca xefa de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estadía nos centros de alumnos con algún tipo de minusvalía física, psíquica e sensorial.
- Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con NEE.
- Orientar ao profesorado que imparta docencia aos alumnos con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e aos pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar co profesor titor e co resto de profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas.

- Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Na **Orde do 24 de xullo de 1998** establécense novas funcións como son:

- Asistir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á E.S.O. e cando sexa necesario, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con N.E.E.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das A.C. individualizadas, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daqueloutras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con NEE. que así o requira, atención que, en xeral, prestarase no grupo no que está integrado.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa pódalles asignar referidas á orientación.

2. ALUMNADO ESCOLARIZADO POR NIVEIS QUE PRECISA APOIO E ATENCIÓN ESPECIALIZADA DE AL/PT E NECESIDADES QUE PRESENTA CADA UN DOS ALUMNOS.

Os alumnos que precisan da nosa intervención atópanse reflexados no listado que se presenta a continuación, de maneira que se presentan segundo a escola na que se atopan escolarizados.

- **ALUMNADO CON NEAE E NEE.**

Domirón

1. Alumno de 4º de Educación infantil.
2. Alumno de 5º de Educación infantil. TEA.

3. Alumna de 5º de Educación infantil. TEA.
4. Alumno de 5º de Educación Infantil. Alumno con NEAE.
5. Alumno en 6º de Educación Infantil. Sospeita de Esclerose Tuberosa.
6. Alumna en 6º de Educación Infantil. Dislalias.
7. Alumno de 6º de Educación Infantil. Fala case inintelixible.

Sedes

1. Alumna en 6º de Educación Infantil. Alumna con NEAE.
2. Alumno de 6º de Educación Infantil. Múltiples dislalias.

Val

1. Alumna en 4º de Educación Infantil. Parálise cerebral máis outras patoloxías.
2. Alumna en 5º de Educación Infantil. Alumna con NEAE.
3. Alumno en 5º de Educación Infantil. Alumna con NEAE.
4. Alumno en 5º de Educación Infantil. Alumna con NEAE.
5. Alumna en 6º de Educación Infantil. Posible TEA.
6. Alumno en 6º de Educación Infantil. Retraso na linguaxe e múltiples dislalias.
7. Alumno en 1º de Educación Primaria. Retraso na linguaxe e múltiples dislalias.
8. Alumna en 1º de Educación Primaria. Alumna con NEAE.
9. Alumno en 1º de Educación Primaria. Múltiples dislalias.
10. Alumno en 1º de Educación Primaria. Retraso na linguaxe e múltiples dislalias.
11. Alumno 2º Educación Primaria. TEA.

12. Alumno en 2º Educación Primaria. Múltiples dislalias e dificultades na lectoescritura.
13. Alumno en 3º de Educación Primaria. Múltiples dislalias e dificultades na lectoescritura e en matemáticas.
14. Alumno en 3º de Educación Primaria. Múltiples dislalias derivadas de labio leporino e fendidura palatina.
15. Alumno en 3º de Educación Primaria. Dificultades atencionais e de concentración
16. Alumno en 4º de Educación Primaria. Xordeira profunda neurosensorial bilateral prelocutiva.
17. Alumno en 4º Educación Primaria. Discapacidade intelectual.

O total do alumnado que precisa intervención por parte de PT ou AL actualmente é de 26 alumnos/as.

3. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PROGRAMA XERAL DE INTERVENCIÓN.

O obxectivo xeral que se pretende conseguir coa atención ó alumnado con NEAE asociadas á comunicación, linguaxe e fala, así como aqueles que presentan dificultades significativas na adquisición das competencias curriculares, será mellorar, favorecer e potenciar a súa competencia comunicativo lingüística e curricular, así como os procesos psicolóxicos básicos.

Con cada un dos alumnos/as que reciben atención individualizada fixaremos unha serie de obxectivos específicos a alcanzar, priorizando naqueles máis

importantes. Comezando así polos obxectivos máis básicos, aqueles que permitan ir adquirindo os de maior dificultade.

Os **obxectivos xerais** deste programa de intervención de AL e PT son:

- Diagnosticar de forma temperá as posíbeis necesidades seguindo un proceso conformado por: avaliación inicial, avaliación psicopedagóxica e proceso informativo.
- Favorecer a inclusión do alumnado con NEAE.
- Colaborar e coordinarse cos titores do alumnado no eido de NEAE asociadas ás dificultades no ámbito comunicativo-lingüístico.
- Colaborar e coordinarse coas titoras do alumnado que presentan dificultades no proceso de aprendizaxe.
- Colaborar, coordinarse e asesorar ás familias do alumnado cando sexa necesario.
- Coordinarse coas profesoras do departamento de orientación do centro no tempo establecido no horario semanal así como con outros profesionais que traballan co alumnado do centro, servizos sociais, asociacións e entidades da orientación.
- Mellorar as habilidades de pensamento e autorregulación a través das capacidades cognitivas básicas.
- Desenvolver a linguaxe expresiva e comprensiva do alumnado.
- Ampliar o léxico dentro dunha estrutura morfosintáctica correcta, mellorando a calidade do discurso.
- Favorecer o uso da linguaxe (segundo contexto, interlocutores e tema).
- Mellorar a competencia en lectoescritura.
- Mellorar a competencia matemática.

Utilizaranse os recursos existentes no centro e na aula de audición e linguaxe como é parte do programa de desenvolvemento da linguaxe oral que xa existe no centro educativo.

Para iso levaranse a cabo os seguintes **obxectivos específicos**:

- Desenvolver as funcións executivas do alumnado que implican o razoamento, a planificación, a lóxica, etc.
- Potenciar as capacidades cognitivas básicas: atención, percepción, memoria e razoamento.
- No ámbito fonético e fonolóxico, favorecer o desenvolvemento do control dos órganos que interveñen na articulación mediante praxias, a capacidade rítmica, a relaxación, a respiración e o sopro, a articulación de diferentes fonemas....
- Na pragmática, léxico e morfosintaxe: ampliar o léxico, tanto expresivo como comprensivo dentro dunha estrutura morfosintáctica correcta, estimular o desenvolvemento da linguaxe infantil e o desenvolvemento de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de habilidades da vida diaria: emprego dos cartos, hábitos de hixiene, habilidades sociais.
- Desenvolvemento a intelixencia emocional.
- Potenciar as habilidades sociais para mellorar a inclusión do alumnado con NEE dentro das escolas.

Todos estes obxectivos traballaranse con actividades lúdicas, reforzando positivamente os seus logros.

4. COMPETENCIAS CLAVE. CONTRIBUCIÓN DESDE A PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA AS COMPETENCIAS CLAVE

Os obxectivos das sesión de Audición e Linguaxe contribúen de xeito directo a consecución da Competencia en Comunicación Lingüística, (**CCL**), especialmente no Bloque nº1: “Comunicación oral. Falar e escoitar”. Buscamos acadar un uso da linguaxe (en calquera forma) como instrumento de comunicación, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento, e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta. Trabállanse os Bloques nº2: “Comunicación escrita. Ler” e o nº3: “Comunicación escrita. Escribir”.

Os obxectivos das sesións de PT contribúen a consecución de:

- Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía, (**CMCT**). O vocabulario, relacionado con conceptos de espazo e tempo axudará ó alumno a organizar o pensamento así como as súas experiencias. Manexo dos elementos matemáticos básicos en situacións reais ou simulacións da vida cotiá. Ademais conceptos básicos en situacións como: grande – pequeno – moito – pouco – antes – despois - ... e cando traballamos a correcta pronunciación dos números.
- Competencia dixital, (**CD**). Cando a metodoloxía a empregar ou a principal ferramenta de traballo sexa o ordenador ou a tablet a través de diferentes actividades que impliquen o traballo do resto das competencias.
- Aprender a aprender, (**CAA**). Traballamos a adquisición desta competencia, sempre que invitemos os nosos alumnos e alumnas a revisar os

seus propios traballos, autoavaliarse, valorando de xeito realistas as súas capacidades e o esforzo realizado durante a sesión.

– Competencia sociais e cívicas, **(CSC)**. Nalgunhas sesións realizaranse actividades cooperativas e grupais, nas que os alumnos e alumnas participarán a través de dramatizacións, xogos de rol, xogo simbólico...; emprego da linguaxe en diferentes contextos e conversas ou diálogos sobre un tema. Na realización destas actividades os alumnos e alumnas deberán aprender a respectar e empregar as normas de comunicación, tales como: prestar atención, escoitar os demais, pedir e respectar a vez e tempo de intervención, aprender normas de cortesía, como os saúdos e despedidas, agradecementos, pedir escusas, poñerse no lugar dos demais e traballar en equipo.

– Sentido da iniciativa e espírito emprendedor, **(CSIIE)**. Cando melloramos a nosa linguaxe, mellora a nosa maneira de desenvolvernos no mundo. O facer xogos simbólicos ou dramatizacións da vida cotiá, estamos desenvolvendo e mellorando moitas accións que realizamos na nosa vida diaria. Apoiando ó alumnado nas súas iniciativas e fomentando a autoestima, loando os seus esforzos e logros, conseguiremos que se sinta máis seguro de si mesmo.

– Conciencia es expresión culturais, **(CCEC)**. Traballaremos esta competencia sempre que empreguemos nas nosas sesións: contos tradicionais e contos do mundo, cancións e músicas, refráns, poemas, adiviñas, descrições de láminas, fotos ou cadros,...

Se ben é certo que tanto as sesións de PT e AL están pensadas e deseñadas para traballar de forma directa e indirecta as diferentes competencias establecidas de forma coordinada e consensuada.

5. ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS DE AL/PT PARA O ACTUAL CURSO NO CENTRO E PRIORIDADES

Os contidos que se traballarán co alumnado do centro obxecto de intervención do profesor de AL e PT son:

Funcións executivas

- Capacidade de razoamento
- Lóxica

Procesos cognitivos básicos

- Atención
- Memoria
- Percepción

Bases funcionais

Audición

- Discriminación auditiva de ruídos e sons.
- Discriminación auditiva de calidades do son.
- Asociación auditiva de estímulos auditivos e visuais.
- Discriminación auditiva de fonemas.

Aparato fonador

- Respiración, relaxación e sopro.
- Habilidades motoras e de coordinación de lingua, beizos e paladar.

Aspectos prosódicos

- Entoación
- Ritmo
- Voz (prosodia)

Dimensións da linguaxe

Forma

- Fonoloxía. Vocalizacións
- Adquisición do sistema fonolóxico
- Sintaxe. Lonxitude da frase
- Complexidade da frase
- Desenvolvemento sintático
- Orde de organización dos enunciados

Contido

- Amplitude do vocabulario
- Establecemento de categorías semánticas
- Relacións entre os compoñentes do discurso

Uso

- Adquisición e uso das funcións da linguaxe e a comunicación
- Competencia conversacional (normas conversacionais e adecuación ó discurso)

As actividades que se van desenvolver versarán sobre estes contidos e se priorizarán en función da necesidade específica do alumno co que se intervén e as dificultades coas que conta cada alumno.

As actividades de intervención directa nas dificultades de comunicación se priorizarán fronte ás indirectas, agás que estas non sexan efectivas, polo que de ser así realizarase unha combinación de ambos tipos (directas e indirectas).

Aspectos curriculares:

Adaptacións curriculares e reforzo educativo das áreas establecidas .

Técnicas de estudo.

Intelixencia emocional.

Habilidades sociais.

6. CONCRECIÓN DOS APOIOS EN AULA E ESPECÍFICOS FÓRA DA AULA DO GRUPO DE REFERENCIA

Con data 9 de setembro de 2021 recibimos un horario de atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo no CRA de Narón, concretamente na sede de San Xiao, onde figuraban as aulas de AL da escola de Domirón e do Val. Este se mostra a continuación na seguinte táboa: (Domirón-azul, Sedes-amarelo e Val- vermello)

HORARIO AL1 DOMIRÓN-VAL					
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00-9.55	2	2	2	11	11
9.55-10.50	3	3	3	11	11
10.50-11.45	1	16	16	11	11
11.45-12.10					

12.10-13.05	16	1	1	2 3	2 3
13.05-14.00	D.O.	4	ITI	4	ITIN.

HORARIO AL2 VAL-SEDES-DOMIRÓN					
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00-9.55	6	7 8 9 10	1 2	2 3 4	1 6
9.55-10.50	5	5	5	5	4 5
10.50-11.45	2 3 4	2 3 4	5	7 8 9 10	5
11.45-12.10					
12.10-13.05	1 2	1 6	6	5	2 3 4
13.05-14.00	D.O..	4 5	7 8 9 10	ITI	ITI

HORARIO PT					
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00-9.55	13 15	17	12	7 9 10	7 9 10
9.55-10.50	7 9 10	13 15	17	17	16
10.50-11.45	12	7 9 10	13 15	16	17
11.45-12.10					
12.10-13.05	17	16	16	11	11
13.05-14.00	D.O.	1	1	11	11

Os apoios maioritariamente realízanse fóra da aula, poderemos combinar intervencións fóra e dentro da aula ordinaria, previa coordinación co titor/a, para traballar aspectos específicos coma por exemplo habilidades sociais cos iguais.

No resto das circunstancias contemplase un apoio fóra da aula pola especificidade das intervencións co alumnado.

As intervencións maioritariamente realizaranse fóra da aula para non distorsionar a aprendizaxe do alumno/a e o funcionamento da súa aula. Estableceranse reunións semanais cos docentes para coñecer e favorecer o traballo da aula ordinaria, favorecendo en todo momento a inclusión dos nosos alumnos/as.

7. METODOLOXÍA XERAL E DIFERENCIADA PARA CADA PROGRAMA

No referente á metodoloxía que seguiremos para a atención educativa ao alumnado con N.E.A.E dicir que: levaremos a cabo unha atención individualizada tendo en conta as características e intereses do alumnado, as mesmas que se terán en conta en caso de confinamento que se subirán as actividades oportunas á aula virtual.

Será de grande importancia que se estableza unha boa relación de coordinación co resto do profesorado que atenda ao alumno/a, así como coa familia do mesmo/a a fin de favorecer o proceso educativo deste alumnado.

Tendo en conta o anteriormente sinalado, os criterios metodolóxicos que seguiremos como mestras de atención á diversidade, serán os seguintes:

- Axustar a resposta educativa ás N.E.A.E. de cada alumno/a, contando coa área de desenvolvemento próximo e tendo en conta os seus centros de interese.
- Favorecer a significatividade das aprendizaxes e o desenvolvemento do meta-coñecemento e a autonomía do alumnado.
- Aprendizaxe cooperativa como principio que fomenta o desenvolvemento do alumnado na aula.

- Actuacións que esperten no alumnado unha actitude positiva e de interese cara a aprendizaxe, motivándoo.
- Implicación da familia e intervención para crear un clima de familiaridade e confianza, resaltando logros e minimizando fallos.
- Mantemento dunha boa relación de coordinación cos demais profesionais que interveñen co alumnado con N.E.A.E. así como coa familia.
- Uso de actividades que partan do nivel de desempeño do alumnado, que sexan claras e adaptadas as necesidades e obxectivos.
- Uso de actividades de carácter lúdico dentro do posible, co fin de manter a motivación e o interese do alumnado.
- Realización das praxias bucofonatorias e a posición tipo dos fonemas diante dun espello de maneira que o alumnado poida verse a si mesmo e os seus posibles fallos.
- Introducir técnicas de aprendizaxe cooperativo e titorización entre iguais sempre e cando sexa posible.
- Creación dun ambiente escolar de afecto e confianza, tanto no centro como no aula, que facilite non só a aprendizaxe, senón tamén a interacción e a comunicación.
- Reforzo do aspecto funcional das aprendizaxes para que poidan ser empregados nas circunstancias reais nas que o alumnado as precise e para que sirvan para levar a cabo novos aprendizaxes.

8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

O traballo co alumnado con TEA, realizarase preferentemente fóra da aula ordinaria, aínda que nalgúns sesións entraremos na aula tanto para traballar

obxectivos concretos como para potenciar a súa inclusión dentro da aula de referencia. Agás co alumno da escola de Sedes que será dentro da aula maioritariamente e en ocasións faremos algunha intervención máis específica fora da aula.

- **TEMPORALIZACIÓN**

A incorporación do alumnado á aula de AL e de PT realizarase sempre tendo en conta as dificultades do alumnado unha vez sexa valorado pola orientadora do centro.

As sesións de intervención individualizada con cada alumno/a variarán en función das necesidades que presente e realizaranse sempre , tendo en conta a súa progresión e evolución de ditas necesidades.

A duración das intervencións será variable en función das necesidades detectadas no alumnado, de maneira que serán sesións de 50 minutos ou de 25 minutos segundo necesidade. O número total de sesións por alumno/a pode variar ó longo do curso segundo as necesidades e progresión do alumnado.

- **RECURSOS**

Empregaranse os recursos que están na aula de audición e linguaxe e pedagogía terapéutica, tanto da escola do Val como da escola de Domirón e Sedes.

Respecto ao recursos materiais: algúns dos materiais que figuran na aula de audición e linguaxe e de pedagogía terapéutica son: espello, materiais de sopro, materiais de discriminación auditiva, ordenador, xogos e diverso material estruturado, recursos bibliográficos relacionados coa atención educativa ás necesidades educativas especiais asociadas a dificultades no ámbito

comunicativo-lingüístico. Ademais dos recursos de elaboración propia coma os cubos das historias, memory, ruletas de praxias,...

Utilizaranse os materiais recollidos en cada un dos programas de intervención sempre e cando sexa posible.

Ademais debido a actual situación COVID-19 se utilizaran mamparas, mascarillas, mascarillas transparentes e pantallas.

Recursos persoais. As mestras de audición e linguaxe e pedagogía terapéutica son as primeiras responsables do desenvolvemento da intervención. Outros profesionais que participan son: a xefa do departamento de orientación, os titores, a intérprete de lingua de signos, outros servizos externos ao centro cos que se manterá a correspondente coordinación, e as familias.

Recursos organizativos e espaciais. As actuacións levaranse a cabo nas aulas de AL e PT divididas en diferentes recantos: o xogo simbólico, a mesa de traballo, o recanto das praxias, a biblioteca, o recanto TIC... onde a coordinación será imprescindible entre os distintos profesionais que intervimos co alumnado a través de:

- Reunións do Departamento de orientación
- Coordinación cos titores/as
- Reunións cos servizos externos que interveñen co alumnado
- Reunións coas familias dos alumnos cando se considere preciso

A nivel temporal, se propón o horario tendo en conta as necesidades do alumnado e os horarios dos distintos grupos de alumnos, que poden ver no apartado 2 deste documento.

Unha vez que se realicen as valoracións dos alumnos/as incorporados á aula de AL por parte da orientadora neste curso escolar, incorporaranse as valoracións pola miña parte.

9. COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, D.O E RELACIÓN COAS FAMILIAS

A coordinación cos titores estase facendo no propio momento de recoller ó alumnado na aula, nos momentos de garda e, en ocasións nas reunións das horas de permanencia no centro e nas propias reunións; non hai un momento establecido formalmente no horario do profesorado.

As reunións do D.O., son os mércores de 13.10 a 14.00, sendo así a última sesión da semana, o que permite falar sobre calquera aspecto acontecido ao longo da mesma.

No relativo á relación coas familias, realizarase, ou ben a través dos titores ou en titorías ou entrevistas cando se considere preciso.

No caso de confinamento se recorrerá ao correo electrónico para manter a comunicación coas familias.

10. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE INTERVENCIÓN QUE SE LEVARÁN A CABO EN CADA AULA.

As actividades que se levan a cabo teñen como finalidade mellorar a produción lingüística do alumnado nos diferentes niveis e demais necesidades, adaptándose ao momento evolutivo no que se encontra cada alumno/a e ás súas características.

Neste caso, a mestra de AL, entrará nalgúns momentos nas aulas de EI das diferentes escolas para traballar a pragmática, habilidades sociais e respecto das normas. Tamén, nos momentos nos que sexa necesario traballar algún compoñente deste tipo, como habilidades sociais.